

II XORNADA SOBRE VARIACIÓN E CAMBIO LINGÜÍSTICO

9 de outubro

Salón de graos da Facultade de Filoloxía

CAMBIO E SUBSTITUCIÓN LINGÜÍSTICA NO PORTUGUÊS OLIVENTINO

TAMARA FLORES PÉREZ (CLLC, UNIVERSIDADE DE AVEIRO)

ALBERTO GÓMEZ BAUTISTA (CLLC, UNIVERSIDADE DE AVEIRO / ESHTÉ / ISCAL, INSTITUTO
POLITÉCNICO DE LISBOA)

En 1801, durante a Guerra das Laranxas, o territorio portugués de Olivenza foi ocupado polas tropas comandadas por Manuel Godoy, pasando así a ser administrado por España. Esta mudanza de soberanía traerá fondas alteracións en diversos aspectos da vida deste territorio, especialmente no plano lingüístico. O castelán tornouse na lingua da nova administración relegando o portugués para un segundo plano. Pasados máis de dous séculos, o portugués vive hoxe unha situación moi precaria, onde as medidas de protección e lexislación lingüística son practicamente inexistentes.

Esta comunicación presenta os resultados dunha investigación sobre a situación sociolingüística de Olivenza. O foco da nosa investigación incide no papel que teñen as actitudes lingüísticas na preservación/desaparición do portugués na cidade de Olivenza. Para acadar ese obxectivo, presentamos unha análise das actitudes lingüísticas extraídas dun corpus constituído por entrevistas realizadas a cidadáns oliventinos. A partir das entrevistas, tamén analizamos outros aspectos que influíron na conformación destas actitudes, como o papel da escola como axente de reprodución lingüística do castelán.

Este corpus complementase, ademais, con outras fontes relevantes que nos permiten trazar unha cronoloxía do cambio lingüístico e dos seus condicionantes, derivados dun proceso de aculturación.

Os resultados preliminares revelan, por un lado, que o portugués se encontra nunha clara situación de minorización e que os usos son moi minoritarios. Por outro, a valorización do carácter bicultural oliventino levada a cabo durante os últimos anos parece ter impacto nunha percepción máis favorable desta dualidade, mais a súa repercusión na recuperación lingüística é máis escasa.